XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio, a petición de D. Eligio Gil Blanco, como Presidente da comunidad de montes veciñais en man común da parroquia de Atanes, para transformar o vixente consorcio do monte "Carreiro Ladrón" pertenzente a dita parroquia nun novo convenio.

2º.- Que o 9-11-77, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte "Camino Ladrón, do termo municipal de Cualedro, o non haberse presentado reclamación algunha contra dito acordo publicado no B.O. da provincia, tomando caracter de firme.

3º.- Que o monte "Carreiro Ladrón" forma parte do consorcio subscrito o 12-12-1950 co nome Camino "Ladrón, 157", OR-2026.

4º.- Que a superficie total consorciada do monte "Camino Ladrón", 157 OR-2026 é de 230 Has.

5º.- Que os traballos de repoboación comenzaron no ano 1951.

6º.- Que o 6-7-94 a citada Comunidade reunida en Asemblea, tomou o acordo de aprobar as Bases de Convenio coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

XUNTA DE GALICIA

7°.- Estado de contas do monte "Camino Ladrón" OR-2026.-

-Consorcio subscrito con data: 12-12-1950.

-Data de clasificación do monte veciñal en man común 9-11-77.

-o 9-11-77, data da sua clasificación como monte veciñal en man común dos veciños de Atanes.

<u>GASTOS:</u>

| | |
|---|---|
| -Traballos: | 2.475.608.-Pts. |
| -Gardería: 1560 ptas./Hax230 Ha. = | 358.800.- " |
| -Administración: 7,85%s/2.475.608= | 194.335.- " |
| TOTAL GASTOS........... | 3.028.743.-Ptas. |

<u>INGRESOS:</u>

| | |
|---|---|
| -aproveitamentos maderables: | 416.042,26.-Ptas. |
| -Condonación débeda Lei 13/1989: | 2.612.700,74.- " |
| TOTAL INGRESOS......... | 3.028.743,00.-Ptas. |

Do 9-11-77 ata a data:

GASTOS:

| | |
|---|---|
| - Traballlo: | 12.535.585.-Ptas. |
| -Gardería: 870 ptas./Ha x 230 Ha. | 200.100.-" |
| -Administración: 7,85%s/12.534.585 ptas. | 984.043.-" |
| TOTAL GASTOS............. | 13.719.728.-Ptas. |

INGRESOS:

| | |
|---|---|
| -Aproveitamentos maderables | 9.245.714.-Ptas. |
| TOTAL INGRESOS ........... | 9.245.714.-Ptas. |

O saldo da conta do monte "Camino Ladrón" OR-2026 é de:

G - I = 13.719.728 - 9.245.714 = 4.474.014.-ptas. a favor de Xunta de Galicia.

Clasificado a favor de Atanes, que se convenia: 304,5 Has.

A participación dos veciños de Atanes no consorcio OR-2026 abarca o 87% da Superficie do mesmo.

Corresponde a Atanes a cantidade de
4.474.014 x 87/100 = 3.892.392.- Ptas.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

Que se aprobe o Convenio do monte das características seguintes:

- -Nome: "Carreiro Ladrón".
- -Elenco: 3215579.
- -Superficie: 304,5 Has.
- -Pertenza: Atanes.
- -Termo municipal: Cualedro.
- -A contabilizar como subvención: 50%.
- -A contabilizar como anticipo: 50%.
- -Interés sobre o anticipo: 1% anual.
- -Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
- -Participación da Consellería no voo creado: 30%.
- -Saldo inicial da conta do Convenio: 3.892.392.- ptas. a favor DA XUNTA DE GALICIA.

XUNTA DE GALICIA

Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "Camino Ladrón", OR-2026, se resten respectivamente as cantidades de 13.050.737.-ptas. e 8.405.728.-ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago, 8 de novembro de 1995

O SUBDIRECTOR X. DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.- Plácido Baamonde López.

V°B°
O DIRECTOR XERAL,
(27-10-95)

Asdo.- Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Edificio Administrativo San Caetano – 15771 SANTIAGO

ILMO. SR.

Visto o expediente relativo á transformación de parte do consorcio constituido sobre o monte "Camino Ladrón" , OR-2026 nun convenio entre a Conselleria de Agricultura Gandería e Montes e a comunidade de montes veciñais en man común de Atanes sobre o monte "Carreiro Ladrón" sito no termo municipal de Cualedro e que anteriormente formaba parte do consorciado , e a vista dos informes favorables emitidos pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais , esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos por axustarse ó previsto na Lei 5/1977 de Fomento da Producción Forestal , ó Real Decreto 1279/78 que aproba o seu Regulamento , e ó Decreto 69/84 polo que se deixa sin aplicación no ámbeto das Comunidade Autónoma o artigo 57 do devandito Real Decreto , así como pola Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92 que aproba o seu Regulamento.

Santiago, a 16 de novembro de 1995
O XEFE DA SECCION XURIDICA

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES – DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Asdo: Manuel Mª Rodriguez Perea

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Edificio Administrativo, San Caetano - SANTIAGO

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O:

Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome do monte: "Carreiro Ladron".
Elenco: 3215579
Superficie: 304,5 Hás.
Pertenza: Atanes.
Termo municipal: Cualedro.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1% anual.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.
Participación da Comunidade no voo credo: 70%.
Saldo inicial da conta de Convenio: 3.892.392.- ptas. a favor DA XUNTA DE GALICIA.

Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "Camino Ladrón" OR-2026 se resten respectivamente as cantidades de 13.059.737.-ptas. e 8.405.728.-ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 1995.

O CONSELLEIRO,
P.D.
O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

# C O N V E N I O

| N.º | 321 | 5579 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a VEINTE de NOVEMBRO de mil novecentos noventa e CINCO.

## R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ELIGIO GIL BLANCO, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común CARREIRO LADRON ..............., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 22-11-1.950 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Veciños da Parroquia de Atanes ..............., e son os que a continuación se describen:

Denominación: CARREIRO LADRON

Termo municipal: CUALEDRO Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: CLASIFICADO VECIÑAL EN MAN COMUN CON DATA 9-14-1977

Límites:

N.: TERMINO MUNICIPAL DE TRASMIRAS (Comunal de Escornabois) E MEDA E MONTOUTO DE BALDRIZ

S.: MONTE DE REBORDONDO

L.: MONTE MEDA E MONTOUTO DE BALDRIZ

O.: FINCAS PARTICULARES DOS VECIÑOS DE ATANES

Superficie: 304,5 Has.

Estado forestal: REPOBLACION DE PINO PINASTER E PINO SYLVESTRE

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 290,5 Has.

Sen vexetación arbórea: 14,0 Has.

Servidumes: ALGUNHAS DE PASO

3ª.— O chan continuará pertencendo a VECIÑOS DA PARROQUIA DE ATANES

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o Cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante Cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: "Camino Ladrón -157" con Elenco OR-2026

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA (30) por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA (70) por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CORENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será XENERO PINO PREFERENTEMENTE.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO ---------------------------------, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO :**

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "CARREIRO LADRÓN" a favor dos veciños de Atanes, concello de CUALEDRO. ----------------------

2.— Que, así mesmo, figura Don ELIGIO GIL BLANCO ------------------------, e Don ERNESTO POUSA SANMAMED -------------------------, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o trece de marzo de 1993 ó 13 de marzo de 1997.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense ---------------------------, a 14 de setembro de 1995.

PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN · XUNTA · OURENSE

Don ERNESTO POUSA SANMAMED, Secretario de COMUNIDAD DE MONTES VECIÑAIS DA PARROQUIA DE ATANES

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 6 DE XULLO DE 1.994 estando designado Don ELIGIO GIL BLANCO representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en ATANES CONCELLO DE CUALEDRO a VINTECATRO de XULLO de mil novecentos noventa e CINCO.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: Eligio GIL Blanco

Asdo.: Ernesto Pousa Sanmamed

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL · CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

*Pola propiedade,*

*Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,*

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,

XUNTA DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL · CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Antonio Luis Ronson Pérez.
(O. do 13/12/93)

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

XACOBEO'99 Galicia

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

"Que con data 22 de novembro de 1995 o Excmo. Sr. Conselleiro dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Carreiro Ladrón"
Elenco: 3215579
Superficie: 304,50 ha.
Pertenza: Veciños de Atanes.
Termo municipal: Cualedro.
A contabilizar como anticipo: 50%
A contabilizar como subvención: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta do convenio: 3.892.392.-ptas. a favor da Xunta de Galicia

Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "Camino Ladrón" OR-2026, se resten respectivamente as cantidades de 13.059.737.-ptas. e 8.405.728.-ptas. que corresponden á parte do monte do consorcio que se cancela.

Efectuada a revisión do convenio e consorcio a que afecta a devandita resolución, detectáronse erros na aplicación das cantidades económicas imputables ó convenio, por todo iso proponse a modificación da resolución de 22/11/95 que afecta ó convenio nº 3215579".

En relación con isto, infórmase o seguinte:

1º.- Que se recibiu no Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense un escrito de D. Eligio Gil Blanco, como presidente da Comunidade de montes veciñais en man común da parroquia de Atanes, para transforma-lo vixente consorcio do monte "Carreiro Ladrón", pertencente á devandita parroquia nun novo convenio.

2º.- Que o 9-11-77 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte "Camino Ladrón", do termo municipal de Cualedro, a favor dos veciños de Atanes, sendo firme o acordo ó non haber reclamacións en prazo.

3º.- Que se achega certificación do secretario da comunidade D. Ernesto Pousa Sanmamed, na que se fai constar que en asemblea xeral, con data 6 de xullo de 1994, se tomou o acordo de inicia-los trámties para a suscrición do convenio.

4º.-Que ó proceder á revisión do presente convenio realizouse a medición da cabida do monte en base á nova planimetría obtida, resultando unha superficie real segundo plano de 352,50 ha. do consorcio "Camino Ladrón" (OR-2026) das que corresponde ós veciños de Atanes 304,50 ha. e ós veciños de Rebordondo 48,00 ha.

5º.- Que os traballos imputables ó consorcio (OR-2026) comezaron no ano 1951.

6º.- Que o estado de contas do monte "Camino Ladrón" (OR-2026) na parte correspondente ós veciños de Atanes, é o seguinte:

**ESTADO DE CONTAS DO MONTE "CARREIRO LADRÓN" (OR-2026) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE ATANES.**

**6.1.- ATA O 9 DE NOVEMBRO DE 1977.**

**- GASTOS:**

| | |
|---|---|
| Gastos totais do consorcio | 2.475.608.-ptas. |
| Corresponden ós veciños de Atanes: | |
| - Traballos: 2.475.608.-ptas. x 304,5 ha. | 2.138.504.-ptas. |
| - Gardería: 745.-ptas./ ha. x 304,5 ha. | 226.853.-ptas. |
| - Admón: 7,85% s/2.138.504.-ptas | 167.872. -ptas. |
| **TOTAL GASTOS:** | **2.533.229.-ptas.** |

**- INGRESOS:**

| | |
|---|---|
| Ingresos totais do consorcio | 416.042.-ptas. |
| Corresponde ós veciños de Atanes: | |
| - Aproveitamentos madeirables: | |
| 416.042.-ptas. x 394,5 ha./352,5ha. | 359.389.-ptas. |
| - Condonación débeda Lei 13/89 | 2.173.840.-ptas. |
| **TOTAL INGRESOS:** | **2.533.229.-ptas.** |

Resulta un saldo no monte na data de clasificación de **CERO PESETAS.**

XUNTA DE GALICIA

## 6.2.- DESDE O 9 DE NOVEMBRO DE 1977 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993

**- GASTOS:**

| | |
|---|---|
| Gastos totais do consorcio: | 11.214.397.-ptas. |
| Corresponde ós veciños de Atanes: | |
| - Traballos: 11.214.397.-ptas. x 304,5 ha./352,5 ha. | 9.687.330.-ptas. |
| - Gardería: 815.-ptas./ha. x 304,5 ha. | 248.167.-ptas. |
| - AdministraciónL 7,85% s/9.687.330.-ptas. | 760.445.-ptas. |
| **TOTAL GASTOS** | **10.695.952.-ptas.** |

**- INGRESOS:**

| | |
|---|---|
| Ingresos totais do consorcio: | 8.519.389.-ptas. |
| Corresponde ós veciños de Atanes: | |
| - Aproveitamentos madeirables: | |
| 8.519.389.-ptas. x 304,5 ha./352,5 ha. | 7.359.302.-ptas. |
| **TOTAL INGRESOS** | **7.359.302.-ptas.** |

RESULTA UN SALDO NO MONTE "CAMINO LADRÓN" (OR-2026) NO PERÍODO 1977-1993 DE:

**G - I =** 10.695.952.-ptas. - 7.359.302.-ptas. = **3.336.650.-PTAS A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.**

## 6.3.-DESDE O 1 DE XANEIRO DE 1994 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1994

**- GASTOS:**

| ANO | INVESTIMENTO | COFINANCIACIÓN U. E. | INVESTIMENTO COMPUTABLE |
|---|---|---|---|
| 1994 | 1.321.188.-ptas. | (72,5%) 957.861.-ptas. | 363.327.-ptas. |

| | |
|---|---|
| Gastos totais do consorcio | 363.327.-ptas. |
| Corresponde ós veciños de Atanes: | |
| - Traballos: 363.327 ha. x 304,5 ha./352,5 ha. | 313.853.-ptas. |
| - Gardería: 55.-pts./ha. x 304,5 ha. | 16.747.-ptas. |
| - Administración: 7,85% s/313.853.-ptas. | 24.637.-ptas. |
| **TOTAL GASTOS** | **355.237.-ptas.** |

XUNTA DE GALICIA

**- INGRESOS:**

Ingresos totais do consorcio: 726.325.-ptas.

Corresponde ós vecños de Atanes:
- Aproveitamentos madeirables:
726.325.-ptas. x 304,5 ha./352,5 ha. 672.421.-ptas.

**TOTAL INGRESOS 672.421.-ptas.**

RESULTA UN SALDO NO MONTE "CAMINO LADRÓN" (OR-2026) NO PERÍODO 1994-1994 DE:

**G - I =** 355.237.-ptas. - 627.421.-ptas. = **272.184.-ptas. A FAVOR DOS VECIÑOS DE ATANES.**

**6.4.- O SALDO TOTAL DO MONTE "CAMINO LADRÓN" (OR-2026) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE ATANES É DE:**

ANO 1951 - 1977 = 0.-ptas.
ANO 1978 - 1993 = 3.336.650.-ptas.
ANO 1994 - 1994 = - 272.184.-ptas.
**TOTAL 3.064.466.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.**

Á vista do exposto, proponse:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "CARREIRO LADRÓN"
Elenco: 3215579
Superficie: 304,5 ha.
Pertenza: Veciños de Atanes.
Termo municipal: Cualedro.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **3.064.466.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

XUNTA DE GALICIA

SEGUNDO.- Que no sucesivo o Consorcio "Camino Ladrón" (OR-2026), teña as seguintes características:

Nome: "CAMINO LADRÓN"
Elenco: OR-2026.
Superficie: 48 ha.
Pertenza: Rebordondo.
Termo municipal: Cualedro.
A restar da conta de gastos: 12.139.687.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 8.346.112.-ptas.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.**

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

XACOBEO'99 Galicia

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con data 22 de novembro de 1995, o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

"Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Carreiro Ladrón"
Elenco: 3215579
Superficie: 304,50 ha.
Pertenza: Veciños de Atanes.
Termo municipal: Cualedro.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial da conta do convenio: 3.892.392.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.

Efectuada a revisión do convenio a que afecta a devandita Resolución detectáronse erros na aplicación das cantidades económicas imputables ó convenio."

En consecuencia, esta Sección Xurídica considera que, de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedería a rectificación da devandita resolución nos termos que seguidamente se sinalan.

"PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "CARREIRO LADRÓN"
Elenco: 3215579
Superficie: 304,5 ha.
Pertenza: Veciños de Atanes.
Termo municipal: Cualedro.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **3.064.466.-ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.**

XUNTA DE GALICIA

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Camino Ladrón" (OR-2026), teña as seguintes características:

Nome: Camino Ladrón.
Elenco: OR-2026.
Superficie: 48 ha.
Pertenza: Rebordondo.
Termo municipal: Cualedro.
A restar da conta de gastos: 12.139.687.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 8.346.112.-ptas."

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 1999
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Mª José Tato Rocha.

**ILMO. SR. DR. XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
XACOBEO'99 Galicia
Basquiños, 2 – 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e visto o informe emitido pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e o informe da Sección Xurídica, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

RESOLVO:

Rectifica-la Resolución do Excmo. Sr. Conselleiro do 22 de novembro de 1995 nos termos que seguidamente se especifican

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome.- "CARREIRO LADRÓN"
Elenco: 3215579
Superficie: 304,5 ha.
Pertenza: Veciños de Atanes.
Termo municipal: Cualedro.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **3.064.466.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o Consorcio "Camino Ladrón" (OR-2026), teña as seguintes características:

Nome: "CAMINO LADRÓN"
Elenco: OR-2026
Superficie: 48 ha.
Pertenza: Rebordondo.
Termo municipal: Cualedro.
A restar da conta de gastos: 12.139.687.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 8.346.112.-ptas.

Contra a presente Resolución, que agota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo, perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 107 e 116 da lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1999
O CONSELLEIRO
(P.O.12-01-1998)
O SECRETARIO XERAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL

Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Xefe o Servizo provincial de montes e industrias forestais de Ourense informa do seguinte:

## I.-ANTECEDENTES

Con fecha 20 de diciembre de 2004, D. Eligio Gil Blanco, presidente de la comunidad de montes de Atás, firma escrito en el que expone que existen obras de captación y traída de aguas dentro del convenio que tiene la comunidad de montes con la Administración Forestal, por lo que dichos terrenos no pueden ser destinados a los fines previstos en el mismo y como consecuencia de ello solicita la exclusión de 11,76 has que es la superficie ocupada por esta infraestructura.

El MVMC de Carreiro Ladrón (Cualedro) fue clasificado el 9 de noviembre de 1977.

El convenio denominado "Carreiro Ladrón" con nº de elenco 321/5579, se extiende sobre 304,50 has y fue aprobado el 22 de noviembre de 1995.

Este monte se encuentra integrado en el sistema de certificación forestal.

El Distrito Ambiental XIV Verín-Viana informa favorablemente la rescisión parcial.

## II.- ESTADO FORESTAL

El monte se encuentra, en la zona a excluir, poblado con matorral de braña salpicado de brotes dispersos de abedul; así mismo, una cuarta parte de esta superficie está poblada con P.sylvestris de unos doce años, en estado de repoblado con unos crecimientos muy deficientes.

La parcela a excluir es de 11,76 has, superficie pequeña frente a las 304,50 has del convenio, por lo que el arbolado existente que queda se considera suficiente para responder de la deuda generada por las inversiones realizadas en el monte y no procede solicitar a la comunidad el abono de la parte proporcional de la deuda correspondiente a la citada parcela.

El consorcio que quedaría, una vez descontada la superficie a excluir, estaría integrado por 292,74 has.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por todo isto, **propoñemos:**

**PRIMEIRO**.- Que se rescinda parcialmente o convenio do monte "Carreiro Ladrón" 321/5579 nunha superficie de 11,76 has, quedando dito convenio coas seguintes características:

**Nome**: Carreiro Ladrón
**Número** de elenco: 321/5579
**Superficie**: 292,74 has.
**Pertenza**: Atás
**Concello**: Cualedro

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2005

**O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,**

**José Luis Chan Rodríguez**

**Visto e prace**
**O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais,**

**Tomás Fernández-Couto Juanas.**

**Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-**
**Santiago de Compostela.-**

Galicia camiños de concordia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense relativo a rescisión de 11,76 has, con motivo da existencia de obras de captación e traída de augas, do convenio denominado "CARREIRO LADRÓN", cunha superficie total de 304,50 has, sendo propietaria a Comunidade vecinal de Atás, Concello de Cualedro.

Visto o escrito de data 20 de decembro de 2004, do presidente da Comunidade vecinal de Atas, no que solicita a exclusión de 11,76 has do convenio do monte da síúa propiedade.

Visto o informe do Distrito Ambiental XIV-Verín-Viana de 17 de xaneiro de 2005, favorable á rescisión parcial solicitada.

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense, no que se propón o seguinte:

- Que se rescinda parcialmente o convenio 321/5579 nunha parcela de 11,76 has, resultando no sucesivo unha superficie conveniada de 293,04 has.
- Que non procede solicitar á Comunidade propietaria o abono da parte proporcional da débeda, por considerar suficiente o arborado existente para responder da deuda xerada.

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión solicitada nos termos porpostos polo informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, de forma que no sucesivo a superficie do convenio sexa de 293,04 has.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense relativo a rescisión de 11,76 has, con motivo da existencia de obras de captación e traída de augas, do convenio denominado "CARREIRO LADRÓN", cunha superficie total de 304,50 has, sendo propietaria a Comunidade vecinal de Atás, Concello de Cualedro.

Visto o escrito de data 20 de decembro de 2004, do presidente da Comunidade vecinal de Atas, no que solicita a exclusión de 11,76 has do convenio do monte da síúa propiedade.

Visto o informe do Distrito Ambiental XIV-Verín-Viana de 17 de xaneiro de 2005, favorable á rescisión parcial solicitada.

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense, no que se propón o seguinte:

- Que se rescinda parcialmente o convenio 321/5579 nunha parcela de 11,76 has, resultando no sucesivo unha superficie conveniada de 293,04 has.
- Que non procede solicitar á Comunidade propietaria o abono da parte proporcional da débeda, por considerar suficiente o arborado existente para responder da deuda xerada.

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión solicitada nos termos porpostos polo informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, de forma que no sucesivo a superficie do convenio sexa de 293,04 has.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar a rescisión parcial do convenio do monte "Carreiro Ladrón" 321/5579 nunha superficie de 11,76 has, quedando dito convenio coas seguintes características:

**Nome**: Carreiro Ladrón
**Número** de elenco: 321/5579
**Superficie**: 292,74 has.
**Pertenza**: Atás
**Concello**: Cualedro

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2005

**O CONSELLEIRO**
**(por Orde do 29/1/2003)**
**O Secretario Xeral,**

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

**Justo de Benito Basanta**

---

**Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -**
**Santiago de Compostela.-**

Galicia
camiños de
concordia